

EXPTE.: 2L/2015- ENTIDADE LOCAL: SUBMINISTRACIÓN DE: "ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA DE VEHÍCULOS".
ASUNTO: PRÓRROGA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da concelleira de persoal e seguridade cidadá de data 9 de decembro de 2015, que propón acordar a prórroga do devandito contrato durante o prazo de un (1) ano máis ata o 31 de decembro de 2016.

Visto o oficio da alcaldía de data 9 de decembro de 2015, da prórroga do contrato de referencia.

Presentado escrito, pola empresa adxudicataria "Talleres Méndez-Fernández SL", no que manifesta que non existe oposición á prórroga do contrato.

Visto o informe da secretaría xeral de data 14 de decembro de 2015 e o informe de fiscalización da intervención municipal de data 17 de decembro de 2015.

Á vista dos antecedentes expostos, en uso das súas atribucións, **esta alcaldía RESOLVE:**

Acordar a prórroga do contrato da SUBMINISTRACIÓN DO "ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RETIRADA DE VEHÍCULOS", actualmente en vigor e asinado pola empresa adxudicataria "Talleres Méndez-Fernández SL" e o Concello de Sanxenxo, polo prazo de UN (1) ANO MÁIS, ata o 31 de decembro de 2016, nas mesmas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación, e deberá formalizarse en documento administrativo antes do remate do contrato (31 de decembro de 2015).

Dada en Sanxenxo a dezaioito de decembro de dous mil quince.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral

Ángel Luis López Pita